

EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Lugo acolle o XX Encontro Galego-Portugués de Educadores pola Paz

Uns 200 profesores e educadores de Galiza e Portugal, así como doutros países ibéricos e latinoamericanos, participarán do 28 ao 30 de abril nunha nova edición do Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola Paz. O debate deste ano esta dedicado á educación para o desenvolvemento, co obxectivo de "abrir os ollos do intelecto e do corazón ás tremendas situacións de desigualdade". Este ano, no que se celebra a XX edición destes encontros, rendiráselle homenaxe o seu impulsor Suso Xares.

- 15:43 26/04/2006

O debate comezará cunha conferencia-coloquio, "Educación para o desenvolvemento: aprender os dereitos humanos e a solidariedade nas nosas escolas", da man de Xurxo Torres Santomé, catedrático da Universidade da Coruña. Na tarde do sábado haberá dúas sesións máis dedicadas á educación para o desenvolvemento. Viriato S. Marques, catedrático na universidade de Lisboa; Joaquim Pinto, doutorando na universidade de Santiago; e Jesús Ángel Remacha Elvira, presidente de Acción Educativa de Madrid, presentarán "Uma educação para o desenvolvimento e o meio ambiente". Máis tarde, Carlos Taibo, profesor de Ciencia Política na Universidade Autónoma de Madrid, pechará as sesións de debate coa súa conferencia "A globalización e os movementos alternativos".

O Encontro, que contará tamén cunha ampla oferta de obradoiros e xogos cooperativos, será o telón de fondo da assemblea da Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz, quen convoca unha concentración pola paz ás 13.30 horas do domingo na Praza Maior de Lugo.

Nesta edición celebráranse os 25 anos de traballo do profesor Suso Xares neste campo, impulsor destes encontros e recentemente proposto pola Universidade da Coruña e por [Nova Escola Galega](#) como Premio Unesco 2006 de Educación para a Paz, polo seu traballo fundamental de investigación, sistematización e dinamización do movemento galego-portugués, e ibérico e latinoamericano de educación pola paz.